

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE XULLO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de xullo de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión a secretaria xeral do Pleno en substitución do vicesecretario accidental, dona Ana María Rivas García, e a interventora xeral municipal accidental, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. URBANISMO.- Acórdase a aprobación inicial do proxecto da ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmovible.

Tamén se acorda a aprobación inicial do estudo de detalle para agregación das parcelas sitas nos números 37 e 38 da ronda da Muralla.

Así mesmo, acórdase adiar a aprobación inicial do plan parcial do Sud S-1.I (Lugo-Alto) do PXOM de Lugo.

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do prego técnico e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación do servizo de actualización, mantemento e optimización do sitio web municipal www.desenvolvedelugo.org. e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2025/C003/000038.

Tamén se acorda a aprobación das bases para a autorización da instalación de casetas e caldeiros do polbo durante as festas de San Froilán dos anos 2025 e 2026 con posibilidade de prórroga para o ano 2027 e 2028, exp. 2025-C013-

000005.

Do mesmo xeito acórdase a aprobación das bases reguladoras do procedemento e das condicións da concesión do uso privativo do campo municipal de fútbol “José Carballido Cerceda”, exp. ref. 2025-C012-000002.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da subministración de cabinas sanitarias portátiles de aseos nas festas patronais de San Froilán correspondentes aos anos 2025 e 2026 e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C004-000019.

Tamén se acorda a permuta de parcelas entre este Concello e o Instituto Galego da Vivenda e Solo para incrementar o parque de vivenda protexida no Concello de Lugo, exp. ref. 2024/C022/000080.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o texto e proceder á sinatura do Convenio de colaboración para a recadación de ingresos municipais coa entidade Caixa Rural Galega SCCLG.

Tamén se acorda a aprobación addenda ao Convenio entre a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., e o Concello de Lugo sobre o financiamento, execución e entrega das obras de construción dunha senda no Río Miño No T.M. de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

4. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase validación do gasto relativo á impartición de obradoiro para as asociacións veciñais: desenvolvemento de catro obradoiros de pandeireta tradicional.

Asinado dixitalmente pola tenenta de alcalde delegado da Área de Goberno de Cohesión Social e concelleira secretaria accidental da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac532580773029838641.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-7-2025